



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 9 DE MAIO DO 2019.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Anxo Orellan Fernández D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. David Fernández Fernández	Interventor.: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Víctor Reiriz Lampón
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas e quince minutos do día nove de maio do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 07/05/2019, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2019 – 000022
Importe total	237.212,53 €
Número de facturas	49
1ª factura.	
Emisor (Cif)	32833101A
Importe	9.011,52 €
Última factura	
Emisor (Cif)	S1517002J
Importe	188,37 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	11/04/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de ágape a membros da Coral de Illa de Arousa co motivo da súa actuación o 11/05/2019 dentro do programa do Maio Cultural		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adjudicación.				
Denominación:	CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.			
NIF/CIF:	B70378849			
Importe (IVE Incluído):	800,80 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.			

Nº Proposta		2	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Actuación do grupo Dani Barreiro & Friends con equipo de son, escenario, iluminación e asistencia técnica nas Festas da Ameixida o 10/08/2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adjudicación.				
Denominación:	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ			
NIF/CIF:	52936417P			
Importe	1.832.39 €			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

(IVE Incluído):	
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.

Nº Proposta		3	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Instalación de 29 puntos de luz en diversas zonas do Concello de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.			
NIF/CIF:	A80241789			
Importe (IVE Incluído):	10.287,70 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.			

Nº Proposta		4	Data	05/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal - Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aglomerado de camiño en lugar de Arribas - Artes		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CANARGA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		CANARGA, S.L.		
NIF/CIF:		B15360902		
Importe (IVE Incluído):		6.325,77 €		
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.		

Nº Proposta		5	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de ampliación da rede de pluviais no Vilar		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L. - EXCAVACIONES NIMA, S.L. - CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L.U.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	B15841166
Importe (IVE Incluído):	4.347,53 €
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.

Nº Proposta		6	Data	02/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de construción zona aparcamento na fonte de Moldes		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- ISIDORO FARIÑA LIJÓ - EXCCABAMIC, S.L. - CONSTRUCCIONES DOMÍNGUEZ ARIAS E HIJOS, S.L.U.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ISIDORO FARIÑA LIJÓ			
NIF/CIF:	52939691Q			
Importe (IVE Incluído):	7.381,00 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		7	Data	02/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de coitelas e parafuxos para reposición no accesorio desbrozadora do tractor da Brigada de Obras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.			
NIF/CIF:	B15122344			
Importe (IVE Incluído):	450,19 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta	8	Data	02/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais para reparación do accesorio desbrozadora do tractor da Brigada de Obras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.





Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.	
NIF/CIF:	B15122344	
Importe (IVE Incluído):	232,08 €	
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.	

Nº Proposta		9	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de equipamento para a 24ª promoción do corpo de policía infantil (escudos, zapatos, gorras, carnets, ...)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DOSTEX, S.L.			
NIF/CIF:	B15944002			
Importe (IVE Incluído):	2.071,28 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		10	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación - Alcaldía Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción de faldón 10 módulos de publicidade co motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:		A15000649		
Importe (IVE Incluído):		726,00 €		
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	11	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación - Alcaldía Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de páxina na portada interior do número de maio da revista O Barbanza dedicado ao Día das Letras Galegas 2019		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B15919947		
Importe (IVE Incluído):	847,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta		12	Data	06/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Informática Ramón Martínez Becerra		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de reparación da impresora do departamento de Tesourería		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEA F3 IBÉRICA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	NEA F3 IBÉRICA, S.L.			
NIF/CIF:	B15361348			
Importe (IVE Incluído):	540,60 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		13	Data	03/05/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Prom. Social e Igualdade-UAD Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais para o taller de pintura da Unidade de Día da UAD		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESTHER RINCÓN-BENZALA FERNANDEZ	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (07/05/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		ESTHER RINCÓN-BENZALA FERNANDEZ		
NIF/CIF:	34922763T			
Importe (IVE Incluído):	856,80 €			
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		





AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 09/04/2019, en relación á solicitude de concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira presentada por XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX (Rexistro de entrada nº 5.017, de data 09/04/2019).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Pilar García Sampedro, de data 02/05/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **515,81 €** para sufragar os gastos derivados de débeda de subministro eléctrico (pago a provedor según proposta).

ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 02/05/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga RENACER aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 15/11/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 06/05/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga RENACER aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 15/11/2018; resultando o seu importe: 2.742,90 €.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2019, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2020 E 2021.

Visto o expediente que se tramita para contratar a Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2019, con posibilidade de prórroga para os anos 2020 e 2021.





Consta no expediente:

- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto como contrato administrativo especial, asinada pola técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 27/03/2019.
- 2) Informe sobre a non división en lotes do contrato asinado pola técnica de turismo Sandra Fernández Gómez na data 06/03/2019.
- 3) Informe sobre a insuficiencia de medios materiais e persoais asinado pola técnica de turismo Sandra Fernández Gómez na data 06/03/2019.
- 4) Prego de prescricións técnicas redactado conxuntamente pola técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez e polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 08/03/2019.
- 5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con varios de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 03/05/2019.
- 6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 07/05/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 07/05/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo especial, por estar vinculado ó xiro ou tráfico específico da administración contratante, tal y como establece o artigo 25.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2019, con posibilidade de prórroga para os anos 2020 e 2021, cun importe mínimo de licitación de 5.219,01 euros (valor estimado: 5.219,01 euros). Este canon a satisfacer polo adxudicatario ó Concello poderá ser incrementado polos licitadores na súa oferta.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas asinado conxuntamente pola técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez e polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 08/03/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con varios de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 03/05/2019.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 5ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, esta licitación anunciarase no perfil do contratante do Concello de Riveira





(<http://www.riveira.gal/>) a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DA ARTISTA ROSARIO FLORES DENTRO DO PROGRAMA FESTAS DO VERÁN 2019.

Visto o expediente que se tramita para contratar a ACTUACIÓN MUSICAL DA ARTISTA ROSARIO FLORES DENTRO DO PROGRAMA FESTAS DO VERÁN 2019.

Consta no expediente:

- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, asinada polo programador cultural Unai González Suárez e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 26/03/2019.
- 2) Informe sobre a insuficiencia de medios materiais e persoais, asinado polo programador cultural Unai González Suárez, na data 26/03/2019.
- 3) Informe relativo a non división en lotes da contratación, asinado polo programador cultural Unai González Suárez, na data 26/03/2019.
- 4) Certificado expedido por M^a Dolores Orellana Guglieri en representación de "Producciones Artísticas Charton, S.L.", de que a citada sociedade *ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do grupo musical "ROSARIO" no territorio de España durante o ano 2019, así como a facultade para asinar e subscribir os acordos necesarios para contratar as actuacións do citado grupo musical, durante o período de tempo e para o territorio referenciado.*
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/03/2019 (número de operación 2019 22005519), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 338 22609.
- 6) Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 15/04/2019.
- 7) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con un criterio de adxudicación (prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/04/2019.
- 8) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 06/05/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 9) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 06/05/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

De acordo co establecido no artigo 25.1.a.1º) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o contrato ten a cualificación de contrato privado.

Dada as características do contrato, o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria de conformidade co disposto no artigo 168.a.2º da LCSP:





Cando as obras, as subministracións ou os servizos se poidan ser encomendados a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición de unha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español; que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

A non existencia de competencia por razóns técnicas e a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial so se aplicarán cando non exista una alternativa ou substituto razoable e cando a ausencia de competencia non sexa consecuencia de unha configuración restritiva dos requisitos e criterios para adxudicar o contrato.

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da Actuación musical da artista Rosario Flores dentro do programa Festas do Verán 2019, cun orçamento total de licitación de 41.745,00 euros (orçamento base: 34.500,00 euros; IVE 21%: 7.245,00 euros). Valor estimado do contrato: 34.500,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 15/04/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con un criterio de adxudicación (prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/04/2019.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 6ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, invítanse ás seguintes empresas a participar no procedemento e a que presenten as súas ofertas:

- Producciones Artísticas Charton, S.L.U., con NIF número B-80399942, á vista do certificado expedido por Mª Dolores Orellana Guglieri en representación de “Producciones Artísticas Charton, S.L.”, de que a citada sociedade ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do grupo musical “ROSARIO” no territorio de España durante o ano 2019, *así como a facultade para asinar e subscribir os acordos necesarios para contratar as actuacións do citado grupo musical, durante o período de tempo e para o territorio referenciado.*

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO MALDITA NEREA DENTRO DO PROGRAMA FESTAS DO VERÁN 2019.

Visto o expediente que se tramita para contratar a ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO MALDITA NEREA DENTRO DO PROGRAMA FESTAS DO VERÁN 2019.

Consta no expediente:





- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, asinada polo programador cultural Unai González Suárez e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 26/02/2019.
- 2) Informe sobre a insuficiencia de medios materiais e persoais, asinado polo programador cultural Unai González Suárez, na data 26/03/2019.
- 3) Informe relativo a non división en lotes da contratación, asinado polo programador cultural Unai González Suárez, na data 26/03/2019.
- 4) Declaración de Enma Poveda Pacheco en representación de “La Bailarina Producciones, S.L.”, na que manifesta que a citada sociedade *ostenta en exclusiva os dereitos de actuación do grupo “MALDITA NEREA” e que dita exclusiva outorga á produtora as competencias para a contratación de actuacións e xiras, sendo a única mercantil con capacidade legal para a fixación de prezos e condicións técnicas, así como para a sinatura de contratos de actuación.*
- 5) Documento contable “RC” expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/03/2019 (número de operación 2019 22005516), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 338 22609.
- 6) Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 15/04/2019.
- 7) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con un criterio de adxudicación (prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/04/2019.
- 8) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 06/05/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 9) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 06/05/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

De acordo co establecido no artigo 25.1.a.1º) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o contrato ten a cualificación de contrato privado.

Dada as características do contrato, o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria de conformidade co disposto no artigo 168.a.2º da LCSP:

Cando as obras, as subministracións ou os servizos so poidan ser encomendados a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición de unha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español; que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

A non existencia de competencia por razóns técnicas e a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial so se aplicarán cando non exista una alternativa ou substituto razoable e cando a ausencia de competencia non sexa consecuencia de unha configuración restritiva dos requisitos e criterios para adxudicar o contrato.





Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobación o expediente de contratación da Actuación musical do grupo **Maldita Nerea dentro do programa Festas do Verán 2019**, cun orzamento total de licitación de 31.460,00 euros (orzamento base: 26.000,00 euros; IVE 21%: 5.460,00 euros). Valor estimado do contrato: 26.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobación o Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 15/04/2019.

TERCEIRO.- Aprobación o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con un criterio de adxudicación (prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/04/2019.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 6ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, invítanse ás seguintes empresas a participar no procedemento e a que presenten as súas ofertas:

- La Bailarina Producciones, S.L., con NIF número B-87842589, á vista de que a citada sociedade ostenta en exclusiva os dereitos de actuación do grupo "MALDITA NEREA" e que dita exclusiva outorga á produtora as competencias para a contratación de actuacións e xiras, sendo a única mercantil con capacidade legal para a fixación de prezos e condicións técnicas, así como para a sinatura de contratos de actuación.

4.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN NO PORTO DE PALMEIRA".

Expediente :2018-C_OB000026

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **"PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN NO PORTO DE PALMEIRA"**, cun orzamento total de licitación de 80.981,15 euros (orzamento base: 66.926,57 euros; IVE 21%: 14.054,58 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 66.926,57 euros).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 04/12/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60924, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/12/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 17/12/2018.





O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 22/01/2019, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	45.480,39 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	45.500,00 €
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	CORRECTA	48.140,16 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	48.789,26 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	48.807,00 €
COSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	48.850,00 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A	CORRECTA	49.311,49 €
MANTIDO, S.L. - MARTÍN CASTIÑEIRA PÉREZ	CORRECTA	49.726,44 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	49.820,00 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	50.437,90 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	CORRECTA	50.885,39 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	51.252,79 €
ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	CORRECTA	51.673,50 €
COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	CORRECTA	52.300,00 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	55.200,00 €
SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	CORRECTA	55.381,74 €
ALCOMTE GALICIA, S.L.	CORRECTA	55.498,05 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	55.689,60 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	56.291,94 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A	CORRECTA	56.552,95 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	CORRECTA	59.089,47 €
CONSTRUCCIÓN E EXCAVACIÓN DOMINGO GONZÁLEZ, S.L.	CORRECTA	59.497,72 €
CONSTRUCCIONES ETELVINO Y JULIO, S.L.	CORRECTA	60.233,92 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	61.237,81 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Excavaciones Nima, S.L.”, e “Construcciones Anspal, S.L.”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, na mesma reunión da data 22/01/2019, a Mesa acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 31/01/2019.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa “Excavaciones Nima, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 07/02/2019 co número 1.744).

Non consta que a empresa “Construcciones Anspal, S.L.” presentase documentación algunha na que xustifique a súa oferta considerada en principio como anormal ou temeraria.

Con data 17/04/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Pluviais e Pavimentación no Porto de Palmeira”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

Na documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos





provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”.

A empresa Construcciones Anspal, S.L. non presenta documentación para xustificar a súa oferta.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Nima, S.L. e excluír á empresa Construcciones Anspal, S.L. do proceso de licitación”.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 24/04/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 25/04/2019, adoptou os seguintes acordos:

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 17/04/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Excavaciones Nima, S.L.”
- Excluír da licitación á empresa “Construcciones Anspal, S.L.”, por non presentar documentación para xustificar a súa oferta.

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Pluviais e pavimentación no Porto de Palmeira”, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA
1	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	45.480,39 €
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	48.140,16 €
3	CANARGA, S.L.	48.789,26 €
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	48.807,00 €
5	CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.	48.850,00 €
6	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A	49.311,49 €
7	MANTIDO, S.L. - MARTÍN CASTIÑEIRA PÉREZ	49.726,44 €
8	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	49.820,00 €
9	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	50.437,90 €
10	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	50.885,39 €
11	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	51.252,79 €
12	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	51.673,50 €
13	COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	52.300,00 €
14	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	55.200,00 €
15	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	55.381,74 €
16	ALCOMTE GALICIA, S.L.	55.498,05 €
17	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	55.689,60 €
18	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	56.291,94 €
19	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A	56.552,95 €
20	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	59.089,47 €
21	CONSTRUCCIONES E EXCAVACIÓN DOMINGO GONZÁLEZ, S.L.	59.497,72 €
22	CONSTRUCCIONES ETELVINO Y JULIO, S.L.	60.233,92 €
23	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	61.237,81 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Excavaciones Nima, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do





prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 30/04/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Nima, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/05/2019 co número 6331. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 06/05/2019 (nº operación: 2019 33003103), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 2.274,02 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L. CIF B 15405335”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 08/05/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 08/05/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 25/04/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Pluviais e pavimentación no Porto de Palmeira” á empresa Excavaciones Nima, S.L (CIF B-15405335), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 55.031,27 euros (base: 45.480,39 euros ; IVE 21%: 9.550,88 euros).

b) Prazo de execución: 2 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.





TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

5.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS EN RÚA INSUABELA (AGUIÑO)”.

Expediente :2018-C_OB000030

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS EN RÚA INSUABELA (AGUIÑO)”**, cun orzamento total de licitación de 174.648,21 euros (orzamento base: 144.337,36 euros; IVE 21%: 30.310,85 euros), e cun prazo de execución de 5 meses. (Valor estimado do contrato: 144.337,36 euros).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 04/12/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61942, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/12/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 17/12/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 22/01/2019, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	93.804,52 €
CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	96.750,00 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A	CORRECTA	98.048,37 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	101.000,00 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	102.052,00 €
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	CORRECTA	104.531,96 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	104.643,80 €





NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	CORRECTA	105.048,74 €
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CORRECTA	108.686,03 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A	CORRECTA	108.902,54 €
ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	CORRECTA	109.058,97 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	CORRECTA	109.688,74 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	111.830,00 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	112.512,69 €
SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	CORRECTA	113.160,49 €
ALCOMTE GALICIA, S.L.	CORRECTA	115.222,96 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	117.600,00 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	117.923,62 €
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	CORRECTA	118.515,41 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	118.800,92 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	121.546,50 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	122.845,53 €
CONSTRUCCIONES ETELVINO Y JULIO, S.L.	CORRECTA	127.016,88 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	CORRECTA	128.517,99 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Excavaciones Nima, S.L.”, “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Nemesio Ordóñez, S.A.”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 22/01/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 31/01/2019.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas respectivas ofertas as tres empresas requiridas:

Con data 16/04/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS EN RÚA INSUABELA”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

Na documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”.

A documentación presentada por Construccións Fermín Simal, S.L. e por Nemesio Ordóñez, S.A. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta”.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Nima, S.L. e excluír ás empresas Construccións Fermín Simal, S.L. e Nemesio Ordóñez, S.A. do proceso de licitación”.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 24/04/2019, a Xunta





de Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 25/04/2019, acordou:

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/04/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- b. Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Excavaciones Nima, S.L."
- c. Excluir da licitación ás empresas "Construccións Fermín Simal, S.L." e "Nemesio Ordóñez, S.A.", por non estimar debidamente xustificadas as súas respectivas ofertas económicas.

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS EN RÚA INSUABELA (AGUIÑO)", do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA
1	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	93.804,52 €
2	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	101.000,00 €
3	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	102.052,00 €
4	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	104.531,96 €
5	CANARGA, S.L.	104.643,80 €
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	105.048,74 €
7	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	108.686,03 €
8	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A	108.902,54 €
9	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	109.058,97 €
10	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	109.688,74 €
11	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	111.830,00 €
12	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	112.512,69 €
13	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	113.160,49 €
14	ALCOMTE GALICIA, S.L.	115.222,96 €
15	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	117.600,00 €
16	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	117.923,62 €
17	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	118.515,41 €
18	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	118.800,92 €
19	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	121.546,50 €
20	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	122.845,53 €
21	CONSTRUCCIONES ETELVINO Y JULIO, S.L.	127.016,88 €
22	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	128.517,99 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa "Excavaciones Nima, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado





entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 30/04/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Nima, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/05/2019 co número 6330. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 06/05/2019 (nº operación: 2019 33003102), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 4.690,23 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L. CIF B-15405335*”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 08/05/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 08/05/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 25/04/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Pavimentación e renovación de servizos en Rúa Insuabela (Aguíño)” á empresa Excavaciones Nima, S.L (CIF B-15405335), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 113.503,47 euros (base: 93.804,52 euros ; IVE 21%: 19.698,95 euros).

b) Prazo de execución: 5 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.





6.- PRÓRROGA DO CONTRATO ASINADO CON “ZAFIR QUARK, S.L.” PARA A SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA DE RETRETES QUÍMICOS PORTÁTILES PARA INSTALAR NAS PRAIAS E NAS ACTIVIDADES CULTURAIS E/OU FESTIVAS DO CONCELLO DE RIVEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN.

A Alcaldía mediante decreto de data 12/06/2017, resolveu adxudicar o contrato para para a Subministración, mantemento e limpeza de retretes químicos portátiles para instalar nas praias e nas actividades culturais e/ou festivas do Concello de Riveira durante a tempada de verán (anos 2017 e 2018)” á empresa “Zafir Quark, S.L.” (NIF número B-85956787).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 13/06/2017 para unha duración de dous (2) anos contados a partir da data da sinatura do mesmo, prorrogable antes da súa finalización por mutuo acordo das partes por un ano máis, ata un máximo de tres anos (incluíndo o período inicial e as súas prórrogas).

Rexen no contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por decreto da Alcaldía de data 04/05/2017.

De acordo coa cláusula “D” do contrato, en relación coa cláusula 3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, “...O contrato terá unha duración de dous anos, contados a partir da sinatura do contrato, prorrogable antes da súa finalización por mutuo acordo das partes por un ano máis, ata un máximo de tres anos (incluíndo o período inicial e as súas prórrogas).”

Con data 24/10/2018 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 15.381, un escrito da empresa contratista solicitando a prórroga do contrato.

Con data 10/04/2019 emitíuse informe favorable á solicitude de prórroga do contrato por un ano, asinado polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga como responsable do contrato.

Con data 12/04/2019, o interventor Pablo Bao Castro emite informe favorable de fiscalización previa e limitada.

Vistos os antecedentes citados,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

Prorrogar polo período de un ano o contrato asinado coa empresa “Zafir Quark, S.L.” (NIF número B-85956787) para a SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA DE RETRETES QUÍMICOS PORTÁTILES PARA INSTALAR NAS PRAIAS E NAS ACTIVIDADES CULTURAIS E/OU FESTIVAS DO CONCELLO DE RIVEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN.

7.- CONTRATACIÓN AMPLIACIÓN SUBVENCIÓN EXPEDIENTE DE DIXITALIZACIÓN DE FONDOS DOCUMENTAIS CUSTODIADOS NO ARQUIVO DE RIVEIRA. APROVEITAMENTO DA REMANENTE ECONÓMICA E TÉCNICA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE RIVEIRA





Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

Antecedentes:

O Concello de Riveira solicitou con aprobación da Xunta de Goberno Local (9/08/19) a Resolución de 9 de xullo de 2018 que aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 137/07/2018).

Logo da tramitación do expediente de solicitude de subvención, a Xunta de Galicia (en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Fondo de Desenvolvemento Rexional da Unión europea) ditou resolución de concesión ao Concello de Riveira de subvención polo importe de 17.415.17 € para dixitalizar a documentación incluída na memoria enviada á Xunta de Galicia.

O Concello de Riveira, logo de recibir notificación de resolución, iniciou o expediente de contratación coas empresas que se inscribiron no Programa Mercury do Concello, dito Expediente rematou coa "adxudicación como contrato menor, do servizo de dixitalización de fondos documentais custodiados no arquivo de Riveira" (X.G.L. 28/03/2019) no que resultou ganador a empresa VINFRA, S.A. con un prezo por imaxe dixitalizada de 0,1830 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira aprobou a "disposición de gasto por adxudicación do expediente de contratación do servizo de dixitalización de fondos documentais...." por un importe de 4.541 € (para dixitalizar a documentación incluída na memoria, 27.424 imaxes)

Logo de realizado o traballo resulta e de falar coa Xunta de Galicia, AMTEGA e a empresa VINFRA, S.A., resulta:

- A subvención ten que ser agotada no seu importe total (12.415,17 €)
- A subvención non pode sufrir minoración e han de xustificarse polo menos de 10.000 €
- A empresa VINFRA, S.A., segundo o importe da subvención e o cronograma planteado, calculou un total de 94.000 imaxes
- A Xunta de Galicia e AMTEGA, informan de que o único requisito e volver a realiza para continuar a dixitalización, é facer unha proposta para que logo de ser aprobada se contine a dixitalización hasta agotar a subvención;

En base ao anteriormente exposto, visto o informe emitido ao respecto polo Arquivo Municipal, José Antonio Otero Sobrido, de data 06/05/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Continuar a dixitalización hasta agotar o importe da subvención.
- Adxudicar o contrato á empresa **VINFRA, S.A., NAS CONDICIÓNES INCLUÍDAS NO CONTRATO (0.138 por imaxe) E O CRONOGRAMA PROPOSTO**, o orzamento para dixitalizar **un total de 70.350 páxinas polo importe total de 12.874,02 €**

PLAN DE ACTUACIÓN

- Comezar polo dixitalización polas series: Libros de Actas de Sesións do Pleno (1862-1917); Libro Rexistro de Emigrantes (1923- 1937) e Libros do Padrón Municipal de Habitantes (1862- 1960)





- Enviar memorias da documentación referida as partes que interveñen na subvención e o contrato
- Se quedasen posibilidades de ampliar a dixitalización, enviar memoria do que se poidese (segundo o numero de imaxes) ás mesmas partes.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – JULIA ZAPATA ACK.

Visto o escrito presentado por **Julia Zapata Ack**, de data 02/05/2019 (Rexistro de entrada nº 6.120), no que solicita autorización para a instalación dous postos de venda da garrapiñadas e pizza (3 m. + 2 m.), o día 11/05/2019, na Avenida do Malecón (Riveira), frote ao establecemento de hostalería “Oliver”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Julia Zapata Ack** para a instalación dous postos de venda da garrapiñadas e pizza (3 m. + 2 m.), o día 11/05/2019, na Avenida do Malecón (Riveira), frote ao establecemento de hostalería “Oliver”.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado **Mª Josefa Pazos Álvarez**, de data 08/01/2019 (Rexistro de entrada nº 266), no que solicita licenza de obras para reforma e





ampliación de vivenda unifamiliar existente, sita na Estrada Xeral nº 46, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A01900860000KG.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital o día 2 de maio de 2019, visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 6 de maio de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/05/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital o día 2 de maio de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 6 de maio de 2019, da documentación obrante no expediente e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o técnico que subscribe propón, **ACORDAR:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Mª José Pazos Álvarez **LICENZA DE OBRAS (Nº 18/19)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na Estrada Xeral nº 46, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A01900860000KG, nos termos do Proxecto Básico de decembro de 2018 así como do Plano Modificado A-05 de Cuberta e Sección, presentado este último en escrito rexistrado de entrada o día 30 de abril de 2019, (Rexistro de entrada nº 6.082), redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 25,25 m²**, e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 763,81 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da*





propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DE OCUPACIÓN DIRECTA DE VIAL INCLUIDO NO POLÍGONO 1.1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIVEIRA, (ABESADAS).

SITUACIÓN DO VIAL OBXECTO DA OCUPACIÓN DIRECTA: Último tramo da rúa Barbanza confluyente coa avda da Constitución cunha superficie total de 829,16 m². que afecta en concreto á Parcela A e B do Polígono 1.1.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Non Consolidado.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Consta no expediente solicitude municipal ao Rexistro da Propiedade de Noia instando a expedición da certificación de dominio e cargas de todas das parcelas obxecto de ocupación incluídas no ámbito obxecto de ocupación directa o día 23 de novembro de 2018.

SEGUNDO.- Consta no expediente certificación de dominio e cargas de todas as parcelas incluídas no ámbito obxecto de ocupación emitido polo rexistrador da propiedade de noia Sr. José Galán Villaverde o día 29 de novembro de 2018.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de febreiro de 2019 acordou por unanimidade:

“

(...)

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente de ocupación directa do vial incluído no polígono 1.1 do Plan Xeral de ordenación Municipal de Riveira, para completar a conexión da Rúa barbanza coa Avda da Constitución, nos termos da Documentación Técnica de xaneiro de 2019, redactada polo arquitecto municipal Sr. Alberto iglesias Funguiriño.*

Segundo.- *Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e anunciarase, ademais, nun xornal de maior difusión na provincia. Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as*





alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Terceiro.- Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

(...)
“

CUARTO.- O expediente de referencia estivo exposto ao público no tablón de anuncios do Concello dende o día 27 de marzo de 2019 ata a súa retirada o día 3 de maio de 2019 e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 59 o día 27 de marzo de 2019, publicouse asimesmo o anuncio no diario La Voz de Galicia o día 3 de abril de 2019, consta asimesmo no expediente as notificacións efectadas ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

QUINTO.- Durante os referidos prazos non se presentou reclamación algunha no Rexistro Xeral desta Administración como sinala a Sra. Juana Blanco Reiriz, Auxiliar Administrativo adscrito ao Rexistro Xeral do Concello de Riveira en informe emitido o día 7 de maio de 2019, tal como certifica Juan Manuel Salguero del Valle Secretario Xeral do Concello de Riveira o día 8 de maio de 2019.

SEXTO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente emite informe técnico con sinatura dixital de data 7 de maio 2019 no que analiza en **sentido favorable** a aprobación definitiva do expediente que nos ocupa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O vial obxecto da ocupación atópase inluído dentro do **POLÍGONO 1.1** de **SOLO URBANO NON CONSOLIDADO** do PXOM de Riveira.

SEGUNDO.- Establece o artigo 131 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia en relación á ocupación directa.

1. Enténdese por ocupación directa a obtención de terreos destinados a sistemas xerais e locais mediante o recoñecemento ao seu titular do dereito ao aproveitamento no polígono ao que se vincule.

2. A ocupación directa require que estea aprobada a ordenación pormenorizada, tanto dos terreos que se van ocupar, coa determinación do aproveitamento que lles corresponda aos seus propietarios, como do polígono no que vaian integrarse.

3. O procedemento de aplicación da ocupación directa axustarase ás disposicións regulamentarias que se diten.

TERCEIRO.- Establece o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia respecto á ocupación directa o seguinte:

Artigo 317. Ocupación directa

1. Enténdese por ocupación directa a obtención de terreos destinados a sistemas xerais e locais mediante o recoñecemento ao seu titular do dereito ao aproveitamento no polígono ao que se vincule (artigo 131.1 da LSG).

2. A ocupación directa require que estea aprobada a ordenación pormenorizada, tanto dos terreos que se van ocupar, coa determinación do aproveitamento que lles





corresponda aos seus propietarios, como do polígono no que vaian integrarse (artigo 131.2 da LSG).

Artigo 318. Proxecto de ocupación directa

A ocupación directa exige a aprobación dun proxecto no que se inclúan os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa.

b) Indicación do polígono en que se integrarán os aproveitamentos urbanísticos das parcelas ocupadas.

c) Determinación dos aproveitamentos urbanísticos obxecto do expediente, con indicación do cálculo realizado considerando o aproveitamento tipo e a cesión municipal. Expresaranse os criterios utilizados, que non poderán ser contrarios á lei nin ao planeamento.

d) Relación de propietarios e interesados afectados debidamente xustificada mediante os títulos de propiedade correspondentes e os datos que figuran nos rexistros públicos.

e) Descrición das parcelas afectadas, co contido exixido para a equidistribución nos números 3 e 4 do artigo 251.

f) Valoración de elementos ou dereitos existentes sobre as parcelas ocupadas.

g) Plano parcelario de información.

h) Planos das parcelas afectas ao proxecto.

i) Plano do polígono de destino dos aproveitamentos urbanísticos.

Artigo 319. Procedemento de aprobación

1. O procedemento iniciárase mediante solicitude municipal ao Rexistro da Propiedade instando a expedición da certificación de dominio e cargas de todas as parcelas incluídas no ámbito obxecto de ocupación.

O rexistrador ou rexistradora, ao tempo de expedir a certificación antedita, redactará anotación expresiva do inicio do expediente nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria.

O rexistrador ou rexistradora tamén informará sobre as parcelas non inscritas, expedindo certificación negativa de non inscrición destas.

2. O proxecto de ocupación directa será obxecto de aprobación inicial polo concello, trámite posterior de información pública polo prazo dun mes e aprobación definitiva tamén polo concello.

A información pública será notificada a todos os propietarios afectados e ademais deberá ser publicada para xeral coñecemento no Boletín Oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

3. No caso de propietarios descoñecidos, non comparecentes, incapacitados sen persoa que os represente, ou cando se trate de propiedade litixiosa, entenderanse as actuacións co Ministerio Fiscal.

Artigo 320. Certificación administrativa da ocupación

1. En ningún caso poderán ocuparse os terreos sen que previa ou simultaneamente o órgano actuante expida certificación administrativa da ocupación, co contido exixido pola lexislación hipotecaria, e que deberá ser subscrita pola Administración actuante e o propietario afectado.

2. A subscrición da certificación administrativa producirá a transmisión da titularidade das parcelas ocupadas a favor da Administración urbanística actuante e a correspondente reserva de aproveitamento a favor da persoa titular destas mesmas.

3. A certificación inscribírase nos termos contidos na lexislación hipotecaria.

Artigo 321. Disposicións derradeiras





1. Con carácter anterior á ocupación do terreo, procederase ao pagamento ou consignación das cantidades que se determinen en concepto de indemnización por elementos ou dereitos diferentes do valor do solo.

Nos sistemas de actuación indirectos, no caso de que a Administración asumise a indemnización, repercutiráselle o devandito importe ao seu favor no proxecto de equidistribución.

En calquera caso, se media acordo expreso co propietario ocupado, o pagamento da indemnización poderá aprazarse á aprobación definitiva do proxecto de equidistribución, incluíndose como un saldo acreedor ao seu favor na conta de liquidación provisional.

2. As parcelas gravadas con calquera carga real poderán quedar liberadas, recibindo os seus titulares unidades de aproveitamento en proporción ao valor do seu dereito, se no momento da ocupación o propietario da parcela e o titular ou titulares das cargas presentan acordo de repartición do aproveitamento que corresponda á parcela gravada, que deberá recollerse na certificación da ocupación, coa comparecencia das partes afectadas.

No caso de que non se alcanzase o devandito acordo, ocupárase o predio, que quedará liberado da carga en cuestión mediante o traslado desta, por subrogación real, ao aproveitamento recoñecido na súa substitución, o que se fará constar na certificación da ocupación, e posteriormente á parcela resultante da equidistribución na cal se materialice o aproveitamento recoñecido.

CUARTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local o día 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 7 de maio de 2019 e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/05/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o expediente de ocupación directa do vial incluído no polígono 1.1 do Plan Xeral de ordenación Municipal de Riveira, para completar a conexión da Rúa barbanza coa Avda da Constitución, nos termos da Documentación Técnica de xaneiro de 2019, redactada polo arquitecto municipal Sr. Alberto iglesias Fungueiriño.

SEGUNDO.- Deberase expedir unha certificación administrativa da ocupación, co contido esixido pola lexislación hipotecaria, e que deberá ser subscrita pola Administración actuante e os propietario afectados.

TERCEIRO.- A subscrición da certificación administrativa producirá a transmisión da titularidade das parcelas ocupadas a favor da Administración urbanística actuante e a correspondente reserva de aproveitamento a favor da persoa titular destas mesmas nos termos da Documentación Técnica de xaneiro de 2019, redactada polo arquitecto municipal Sr. Alberto iglesias Fungueiriño.





VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Andrés Fernández Fuentes**, de data 16/04/2019 (Rexistro de entrada nº 5.460), no que solicita certificación urbanística de parcela sita en Teira (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 07/05/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A050004940000KJ

Se solicita por parte de ANDRÉS FERNANDEZ FUENTES información urbanística de la parcela con referencia catastral 15074A050004940000KJ sita en TEIRA-CORRUBEDO.

El objeto del informe es establecer las condiciones urbanísticas aplicables a la citada parcela según la normativa de aplicación. La parcela ocupa dos categorías de suelo, una parte de parcela está situada en suelo clasificado por el PXOM de Riveira como suelo de **NUCLEO RURAL B** y la otra está situada en suelo **RUSTICO**. A cada parte de parcela le son de aplicación las condiciones urbanísticas que se desarrollan en el correspondiente apartado de este informe.

La parcela tiene frente a un vial de titularidad municipal por lo que previamente a la obtención de la licencia de segregación solicitada por Pedro Salvador Bretal Ageitos en el año 2017, que consta en el archivo de este Ayuntamiento, se estableció la alineación y la correspondiente cesión.

INFORME

PARTE DE PARCELA SITUADA EN SUELO DE NUCLEO RURAL B

CONDICIONES GENERALES: El Plan General de Ordenación Municipal aprobado definitivamente en sesión plenaria de fecha 17/12/2002 no está adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia por lo que de acuerdo con la Disposición transitoria primera de la LEI 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia que establece el *Régimen de aplicación a los municipios con planeamiento no adaptado y a los municipios sin planeamiento* **“al suelo incluido en los núcleos rurales se aplicará íntegramente lo dispuesto en el Planeamiento”**, excepto en lo referente a edificaciones tradicionales existentes, en los que se aplicará lo dispuesto en el Art. 40 de dicha ley.

CONDICIONES URBANÍSTICAS:

*Según la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia son **actuaciones incompatibles** en esta categoría de suelo las siguientes, reguladas en el Art. 26 de dicha ley:*

- a) Edificaciones y usos característicos de las zonas urbanas y aquellas cuya tipología resulte impropia en relación con las determinaciones del planeamiento.
- b) Las parcelaciones que determinen la desfiguración de la tipología del núcleo.
- c) Las naves industriales.
- d) Aquellos movimientos de tierras que supongan una agresión al medio natural o que varíen la morfología del paisaje del lugar.





e) La apertura de pistas, calles o caminos que no estén previstos en el planeamiento, así como a ampliación de los existentes y el derribo de muros tradicionales de los rueiros o corredoiras, excepto disposición del planeamiento que lo autorice.

f) Las nuevas instalaciones destinadas a la producción ganadera, excepto las pequeñas construcciones artesanales o para el autoconsumo.

g) La demolición de las construcciones existentes, excepto en los siguientes supuestos:

– Construcciones que no presenten un especial valor arquitectónico, histórico o etnográfico.

– Todos los añadidos y edificaciones auxiliares que desvirtúen la tipología, la forma y el volumen de cualquier edificación primitiva o que por sus materiales supongan un efecto distorsionador para la armonía y estética del conjunto edificatorio o no sean propios del asentamiento rural tradicional.

Sin perjuicio de lo dispuesto en el punto anterior, en los núcleos tradicionales estarán prohibidos:

a) Las viviendas adosadas, proyectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidad en más de tres unidades.

b) Los nuevos tendidos aéreos.

c) La ejecución de actuaciones integrales que determinen a desfiguración da tipología del núcleo y la destrucción de los valores que justificaron su clasificación como tal.

En caso de existencia de edificaciones tradicionales, consideradas como tales las existentes con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 19/1975 de 2 de Mayo de reforma de la Ley sobre Régimen del suelo y ordenación urbana, será de aplicación el Art. 40 de la Ley del suelo, que establece el siguiente régimen:

Las edificaciones tradicionales existentes en cualquier categoría de suelo de núcleo rural o de suelo rústico podrán ser destinadas a usos residenciales, terciarios o productivos, a actividades turísticas o artesanales y a pequeños talleres y equipamientos.

Después de la obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística, y sin necesidad de cumplir los parámetros urbanísticos aplicables excepto el límite de altura, se permitirá su rehabilitación y reconstrucción y, por razones justificadas, su ampliación incluso en volumen independiente, sin superar el 50 % del volumen originario de la edificación tradicional.

En cualquier caso, deberán mantener las características esenciales del edificio, del lugar y de su tipología originaria.

Cuando se parcelar, construir nuevas edificaciones o rehabilitar integralmente las existentes, se tendrá en cuenta lo establecido en el Art 36 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, que establece:

Las personas propietarias habrán de ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos necesarios para la apertura o regularización del viario preciso.

En el caso de la construcción de nuevas edificaciones o cambio de uso de las existentes o de rehabilitaciones integrales, habrán además de ejecutar a su costa la conexión con los servicios existentes en el núcleo (artículo 24.3 de la LSG).

Los servicios existentes en el núcleo deberán estar dimensionados de acuerdo con lo que establezca la legislación sectorial, sin que quepa imputar a las personas propietarias del suelo obligaciones de desarrollo o redimensionamiento de los servicios que, de acuerdo con la respectiva legislación sectorial, correspondan a las entidades titulares de las infraestructuras o gestoras de los servicios.





Podrá autorizarse la ejecución simultánea de las obras de acometida, urbanización y edificación. El municipio deberá exigir garantías suficientes del cumplimiento de esta obligación.

Las obras necesarias para cumplir con lo dispuesto en este punto, en las áreas en las que no se prevean actuaciones de carácter integral, se recogerán en un proyecto de obras ordinarias, que podrá tener un carácter independiente o ser un anexo del proyecto de edificación.

Para edificar en el ámbito de los núcleos rurales deberá disponerse de acceso rodado de uso público y ejecutarse la conexión con las redes de servicio existentes en el núcleo rural o en sus cercanías. De no existir, habrán de resolverse por medios individuales con cargo al promotor o promotora de la edificación y con el compromiso de conexión cuando se implanten los servicios.

A los efectos previstos en este número para la conexión con las redes de servicio existentes en el núcleo o en sus proximidades, el suelo de núcleo rural tendrá la misma condición urbanística que el suelo urbano, sin perjuicio de lo previsto para el supuesto de actuaciones integrales.

Cuando en el suelo de núcleo rural tradicional, el planeamiento establezca la consolidación de alineaciones existentes para garantizar el mantenimiento y protección de la trama tradicional o de los muros que delimitan el viario, y esto suponga la imposibilidad de disponer de acceso rodado a alguna parcela, ésta podrá ser edificada siempre que cuente con acceso por vía de uso público pavimentada.

Asimismo es obligatorio el cumplimiento de lo establecido en el Artículo 133 del Plan General de Ordenación Urbana de Riveira, que regula las CONDICIONES DE EDIFICACIÓN de la ordenanza de aplicación que a continuación se reproducen:

ARTICULO 134: NORMA DEL SUELO DE NÚCLEO RURAL EN ÁREAS MEDIO CONSOLIDADAS.

Comprende esta norma las áreas de suelo de los núcleos rurales anejas a las zonas consolidadas, que no llegan a definir claramente una trama de edificaciones, pero donde la edificación está ocupado hasta un 50% de las parcelas próximas a las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.

AMBITO: El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes las de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

USOS GLOBALES CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES Y PROHIBIDOS





Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

TIPOLOGÍAS EDIFICATORIAS

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación **no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.**

PARÁMETROS DE LA EDIFICACIÓN

CONDICIONES DE LA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

CONDICIONES DE OCUPACIÓN

Posición: Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

CONDICIONES DE EDIFICABILIDAD.

Edificabilidad máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.



FIRMANTE - FECHA





Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima de la altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m², y no pudiendo superar los 50 m².

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.

CONDICIONES AMBIENTALES Y ESTÉTICAS.

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

Cerramientos exteriores y materiales: **La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio,** como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este último caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.

PARTE DE PARCELA SITUADA EN SUELO RÚSTICO:

NORMATIVA APLICABLE

LEI 2/2016, do 10 de febreiro, del suelo de Galicia

Según la Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febreiro, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de





ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas: **Al suelo rústico se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo rústico.**

Artigo 35. Usos e actividades en solo rústico

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- ñ) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural.
- o) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.
- p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- q) Outros usos análogos que se determinen regulamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e esta lei.





2. Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

Artigo 36. Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.
2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.
3. Os usos previstos nas letras n) e ñ) do artigo anterior deberán ser obxecto da autorización da persoa titular do órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridade á obtención do título habilitante municipal.
4. Os usos previstos nas letras o) e p) do artigo anterior requirirán a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, agás que a actuación poida encadrarse no disposto no artigo 40 para as edificacións existentes de carácter tradicional. No caso de se implantar en solo rústico especialmente protexido, será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano sectorial correspondente.
5. Así mesmo, poderán implantarse en solo rústico aqueles usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, logo da obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica.

Artigo 37. Limitacións de apertura de camiños

1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.
2. As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do oficio remitido polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 02/05/2019 (Rexistrado de entrada en data 07/05/2019 co nº 6.300), no que achega certificación da sentenza de data 22/04/2019 pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo nº 26/2019 (Proc. Abr.), interposto por María Cristina Cadabal Martínez contra acordo da Xunta de Goberno Local de 06/09/2018 polo que se desestima reclamación de responsabilidade patrimonial.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 236/19 remitida polo **Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 10/05/2019, pola que se desestima a demanda interposta por Adrián Fernández Ferreiro contra o Concello de Riveira (Procedemento Ordinario 917/2016), e absolvendo á parte demandada.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido pola **Consellería do Mar**, de data 12/04/2019 (Rexistro de saída nº 1528/RX560762), e rexistrado de entrada en data 03/05/2019 co nº 6.188, no que se achega resolución de data 09/04/2019 na que se resolve estimar o recurso de alzada presentado pola Lonxa de Riveira, contra a resolución do xefe territorial da Coruña da Consellería do Mar de data 09/03/2019 (Procedemento sancionador PSC-CO-1337/2017-PPM).

4.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 07/05/2019, no que propón o pintado dun paso de peóns na Avenida da Constitución (Riveira), á altura do nº 5, ao tratarse dunha zona residencial e no que se atopa un centro escolar nas proximidades.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao pintado dun paso de peóns na Avenida da Constitución (Riveira), á altura





do nº 5, ao tratarse dunha zona residencial e no que se atopa un centro escolar nas proximidades, según o sinalado no citado informe policial.

5.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 02/05/2019, no que propón a reubicación dun sinal de prohibido estacionar (R-308) situado na Rúa Campo da Agra (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á reubicación dun sinal de prohibido estacionar (R-308) situándoa na marxe contraria da Rúa Campo da Agra (Corrubedo), cun panel complementario (S-860) coa inscrición “Ambos lados de la calle”, según o sinalado no citado informe policial.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 09/05/2019, en relación á Resolución do 5 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2019, da Axencia Turismo de Galicia, publicada no DOG núm. 73 do 15/04/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro:** Solicitar unha axuda ao abeiro da citada convocatoria para a Festa da Dorna, declarada de interese turístico de Galicia, tanto para a liña 1 (importe solicitado 2.996,90€) como para a liña 2 (importe solicitado 3.000€).
- **Segundo:** Asinar un protocolo de colaboración coa entidade financeira A Banca para que contribúa ao desenvolvemento da Festa da Dorna mediante a realización dunha achega económica, en concepto de colaboración, por un importe de 1.500€, tal e como establece o artigo 2.4 da citada orde de subvención.
- **Terceiro:** O concello de Riveira financiará a parte que non resulte subvencionado ao abeiro da citada convocatoria ata o importe de execución previsto.
- **Cuarto:** A axuda solicitada á Xunta (liña 1) e a axuda de colaboración con A Banca, serían para sufragar os gastos de tres actuacións artísticas que ascenden a un total de 4.496,90€
 - Charanga “O Santiaguiño”: 1.000€
 - Actuación musical de “Festicultores”: 1.923,90€
 - Actuación musical de “Mekanica Rolling Band”: 1.573,00€





A axuda solicitada á Xunta (liña 2), sería para sufragar os gastos da campaña de información e sensibilización fronte a violencia sexual en espazos públicos: AGRESIONOFF, eu digo non á violencia sexual

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA DE CAMIÑO NO LUGAR DE INSUELA, PARROQUIA DE PALMEIRA, PARA DOMINIO E USO PÚBLICO, A INSTANCIA DE D. VÍCTOR LAIÑO SILVA, D. JOSÉ GÓMEZ GARCÍA, D. EMILIO GAGO DOMÍNGUEZ E D^a SERAFINA SEVILLA POUSO.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/04/2018 co número 5.094, D. Víctor Laiño Silva, con DNI número 53483743A, D. José Gómez García, con DNI número 33086560W, D. Emilio Gago Domínguez, con DNI número 33239039Z e D^a Serafina Sevilla Pouso, con DNI número 52452679Y, ofrecen a cesión gratuíta ao Concello de Riveira dun camiño sito no lugar de Insuela e que se reflicte no plano que se achega coa referida solicitude e que linda coas parcelas de referencias catastrais 15074A007011070000KH, 15074A007011090000KA e 15074H007010920000KT das que son propietarios.

No referido escrito manifestan a súa vontade de ceder a dominio e uso público os dereitos que poidan ostentar sobre o mesmo, e previas as comprobacións oportunas, solicitan a incorporación do camiño como de uso e dominio público.

2º Por Providencia de Alcaldía do 19/02/2019, dispónse que se de traslado da mesma aos departamentos de secretaría, urbanismo e, intervención, de selo caso, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia.

3º Consta no expediente a seguinte documentación:

- Notas simples informativas emitidas na data 21/02/2019 polo Rexistro da Propiedade de Noia.
- Informe técnico emitido na data 06/05/2019 pola enxeñeira municipal en relación á obra que se pretende realizar polo Concello.
- Plano realizado pola oficina técnica en relación aos terreos polos que se pretende executar a obra.
- Copia simple da escritura de compravenda, autorizada na data 17/11/2017, pola Notario de Riveira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 1.034 de protocolo.
- Copia simple da escritura de compravenda e agrupación, autorizada na data 27/10/1.989, ante o Notario de Santiago, D. Juan José Ecenarro y Anzorandia, co número 2.993 de protocolo.
- Copia simple de escritura de declaración de obra nova, autorizada na data 08/03/2001, polo Notario de Noia, D. José Manuel Amigo Vázquez, co número 503 de protocolo.
- Copia simple de escritura de compravenda, autorizada na data 26/09/1.973, polo Notario de Riveira, D. Mariano Sánchez-Brunete Casado, co número 912 de protocolo.





LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Código Civil.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), prevé que as Entidades Locais teñen capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de todas as clases.

No caso que nos ocupa, vemos que os propietarios das fincas que se refiren a continuación, pretenden ceder a dominio e uso público os dereitos que poidan ostentar sobre unha rúa de carácter privado coa que lindan as parcelas da súa propiedade:

- **Parcela A:**

Descrición: Vivenda unifamiliar composta de planta de semisoto, destinada a trasteiro, da superficie construída de sesenta e seis metros cadrados e planta baixa, destinada a vivenda, da superficie construída de cento trinta e dous metros cadrados; co resto do terreo que se lle une, constitúe unha soa finca da superficie total de douscentos cincuenta e tres metros cadrados, sinalada co número 71 do lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira. Lindeiros: Fronte, en liña de 15 metros, rúa privada letra B de 8 metros de anchura; Dereita, entrando, en liña de 15 metros, a finca segregada; Esquerda, en liña de 13 metros, rúa privada de 8 metros de anchura, sinalada coa letra C; Fondo, en liña de 12 metros, parcela número 30, José Gómez García, e en liña de 5 metros, parcela número 29 de Manuel Rey Troitiño.

Titulares do inmovble: Víctor Laiño Silva, con DNI número 53.483.743-A, 100% do pleno dominio con carácter privativo.

Título: Compravenda, en virtude da escritura outorgada o día 17/11/2017, ante o Notario de Riveira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, co número 1034 do seu protocolo.

Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 167 do Tomo 1363 do Arquivo, Libro 393 de Riveira, finca número 10.904.

Referencia catastral: 15074A007011070000KH.

Clasificación do solo: Solo urbano.

Cargas: Hipoteca a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A. Constituída en escritura autorizada el 17/11/2017, por el Notario de Riveira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, número 1035/2017 de protocolo. Inscripción 7ª de data 18/01/2018.

- **Parcela B.**

Descrición: “Agro de Riazor”, a inculto, sita no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, da superficie de cento setenta e oito metros cadrados. Parcela sinalada co número 30 do plano parcelario. Lindeiros: Fronte, en liña de 10 metros,





rúa privada da finca matriz de 10 metros de anchura, sinalada coa letra C; Dereita, entrando, en liña de 13 metros, rúa privada da finca orixinal de 8 metros de anchura, sinalada coa letra C; Esquerda, en liña de 15 metros, parcela sinalada co número 29 no plano parcelario da finca matriz; Fondo, en liña de 12 metros, parcela sinalada co número 38 do dito plano.

Titulares do inmoble: José Gómez García con DNI número 33.086.560-W, 100% do pleno dominio para a súa sociedade de ganancias.

Título: Compravenda, en virtude da escritura outorgada o día 26/09/1973 ante o Notario de Riveira, D. Mariano Sánchez-Brunete Casado.

Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 223 do Tomo 520 do Arquivo, Libro 110 de Riveira, finca número 10.792.

Referencia catastral: 15074A007011090000KA.

Clasificación do solo: Solo urbano.

Cargas: Por procedencia da finca nº 9736 de Riveira, inscrición 2ª ao Tomo 482, Libro 92, Folio 154, de data 08/07/1972: Servidume de paso para persoas e vehículos, e no caso de edificación, as de luces, vistas, ocos, voladizos, aleiro, vertente de tellado, conducións subterráneas ou aéreas de todo tipo e, en xeral, cantas poidan establecerse sobre vías públicas, en favor da finca rexistral 10.424 de Riveira.

Por procedencia da finca nº 9736 de Riveira, inscrición 3ª al Tomo 482, Libro 92, Folio 155, de data 27 de abril de 1974: Servidume de paso para persoas e vehículos, e no caso de edificación, as de luces, vistas, ocos, voladizos, aleiro, vertente de tellado, conducións subterráneas ou aéreas de todo tipo e, en xeral, cantas poidan establecerse sobre vías públicas, en favor da finca rexistral 10.792 de Riveira. Inscrición 3ª de data 27/04/1974.

• **Parcela C.**

Descrición: Casa de planta baixa, da superficie construída de douscentos dezaioito metros setenta e dous decímetros cadrados; planta alta, da superficie construída de dous cento dezaseis metros oitenta e catro decímetros cadrados e aproveitamento baixo cuberta, da superficie construída de cento dez metros oitenta e catro decímetros cadrados, cun terreo unido da superficie de novecentos trinta e tres metros dezaioito decímetros cadrados, formando o conxunto unha soa finca sita na parroquia de Palmeira. Lindeiros: Norte, camiño público e vía de acceso; Sur, vía de acceso; Este, camiño público; e Oeste, vía de acceso.

Titulares do inmoble: Emilio Gago Domínguez, con DNI número 33.239.039Z e Serafina Sevilla Pouso, con DNI número 52.452.679Y, 100% do pleno dominio con carácter ganancial.

Título: Obra nova rematada, en virtude da escritura outorgada o día 08/03/2001, ante o Notario de Noia, D. José Manuel Amigo Vázquez, número 513 do seu protocolo.

Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 121 do Tomo 793 do Arquivo, Libro 201 de Riveira, finca número 16.964.

Referencia catastral: 15074A007010920000KT.





Clasificación do solo: Solo urbano.

Cargas: Non constan.

Sen embargo, compre ter en conta que, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, non se prevé a apertura de vial polo terreo cuxa cesión se pretende.

Ademais, atopámonos coa existencia de cargas en dúas das parcelas, e aínda que non se teñen datos suficientes da afección desas cargas sobre o terreo que se pretende ceder a dominio e uso público, opino que o mais prudente para o Concello sería non aceptar o pleno dominio do terreo cuxa cesión se pretende, podendo constituír sobre o terreo en cuestión, que se entende privado, unha servidume de acueduto para poder levar a cabo a execución das obras de saneamento que se pretenden na zona referida, no caso de existir acordo cos propietarios das parcelas.

Neste sentido, compre ter en conta que estamos ante un caso claro no cal unha Administración Pública exerce unha atribución en materia de bens, unha adquisición ou constitución dun dereito real sobre un ben inmovible. A tal efecto, e como xa mencionamos, o artigo 9.1 do RB, prevé que as Entidades Locais teñen capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de todas as clases.

Así, o artigo 530 do Código Civil (no sucesivo CC), define as servidumes do seguinte modo: *“A servidume é un gravame imposto sobre un inmovible en beneficio doutro pertencente a distinto dono. O inmovible a cuxo favor está constituída a servidume chámase predio dominante; o que a sofre, predio servinte.”*

Da mesma forma, o artigo 531 do referido CC nos di que tamén poden establecerse servidumes en proveito dunha ou máis persoas, ou dunha comunidade, a quen non pertenza a finca gravada, da mesma forma que, como sinala o artigo 534, as servidumes son inseparables da finca a que activa ou pasivamente pertencen.

As servidumes son indivisibles, como nos sinala o artigo 535 do CC, de forma que se o predio servinte se divide entre dous ou máis, a servidume non se modifica e cada un deles ten que tolerala na parte que lle corresponda.

Se é o predio dominante o que se divide entre dous ou máis, cada porciónero pode usar por enteiro da servidume, non alterando o lugar do seu uso, nin agravándoa doutra maneira.

Respecto á xustificación da imposición dunha servidume, o artigo 536 do CC, nos di que as servidumes establécense pola lei ou pola vontade dos propietarios.

No caso que nos ocupa, procede engadir o matiz das servidumes de acueduto, que veñan reguladas nos artigos 552 a 563 do CC.

A tal efecto, o artigo 552 do CC sinala o seguinte: *“Os predios inferiores están suxeitos a recibir as augas que naturalmente e sen obra do home descendan dos predios superiores, así como a terra ou pedra que arrastran no seu curso. Nin o dono do predio inferior pode facer obras que impidan esta servidume, nin o do superior obras que a graven.”*

Así mesmo, o CC dispón no seu artigo 557 que todo o que queira servirse da auga de que pode dispoñer para unha finca súa, ten dereito a facela pasar polos predios intermedios





coa obriga de indemnizar ós seus donos, como tamén ós dos predios inferiores sobre os que se filtren ou caian as augas.

O que pretenda usar do dereito concedido en base a unha servidume está obrigado ás condicións que sinala o artigo 558 do CC: 1. A xustificar que pode dispoñer da auga e que esta é suficiente par ao uso a que a destina. 2. A demostrar que o paso que solicita é o mais conveniente e menos oneroso para terceiro. 3. A indemnizar ao dono do predio servinte na forma que se determine polas leis e regulamentos.

Así mesmo, non pode impoñerse a servidume de acueduto para obxecto de interese privado, sobre edificios, nin os seus patios ou dependencias, nin sobre xardíns ou hortas xa existentes (artigo 559 do CC).

O artigo 560 do CC sinala que a servidume de acueduto non obsta para que o dono do predio servinte poida pechalo e cercalo, así como edificar sobre o mesmo acueduto de maneira que este non experimente prexuízo, nin se imposibiliten as reparacións e limpias necesarias.

Por outra parte, segundo sinala o artigo 561 do CC, a servidume de acueduto será considerada como continua e aparente, aínda cando non sexa constante o paso da auga, ou o seu uso dependa das necesidades do predio dominante, ou dunha quenda establecida por días ou por horas.

SEGUNDO.- Respecto ao procedemento, podemos seguir por analoxía as previsións da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, estando a competencia do alcalde delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/05/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Non aceptar a cesión a dominio e uso público dos dereitos que poidan ostentar sobre o terreo os propietarios das parcelas referidas como parcela A, B e C no presente informe, e polos motivos que no mesmo se recollen.

SEGUNDO.- Acordar a constitución dunha servidume de acueduto polo terreo de carácter privado antes referido e que ven determinado no plano realizado pola oficina técnica municipal, polo que os propietarios das parcelas referidas como parcelas A, B e C autoricen expresamente ao Concello de Riveira, en virtude aos dereitos que poidan ostentar sobre este terreo en cuestión, á realización das obras de execución do saneamento municipal para poder proceder á instalación da infraestrutura necesaria para a súa acometida a través do mencionado terreo, comprometéndose a constituír no mesmo unha servidume de acueduto, do xeito que se reflicte na proposta de convenio ou contrato de constitución de servidume de acueduto que se refire a continuación.





TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para executar o presente acordo.

“PROPOSTA DE CONVENIO OU CONTRATO DE CONSTITUCIÓN DE SERVIDUME DE ACUEDUTO”

“Na Casa Consistorial do Concello de Riveira, reunidos o día de de 2019.

DUNHA PARTE,

D. Manuel Ruiz Rivas, Alcalde-Presidente do Concello de Riveira, en representación do mesmo, con DNI número, asistido do Secretario xeral da Corporación, D. Juan Manuel Salguero del Valle, e facendo uso do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data

E DOUTRA PARTE,

D. Víctor Laiño Silva, maior de idade, con DNI número 53.483.743-A, e domicilio en Insuela, 85-B, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, actuando en nome propio; D. José Gómez García, maior de idade, con DNI número 33.086.560-W, e domicilio, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, actuando en nome propio; D^a M^a Teresa González Vidal, maior de idade, con DNI número, e domicilio, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, actuando en nome propio; D. Emilio Gago Domínguez, maior de idade, con DNI número 33.239.039Z, e domicilio en, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, actuando en nome propio; e D^a Serafina Sevilla Pouso, maior de idade, con DNI número 52.452.679Y, e domicilio en, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, actuando en nome propio.

Todas as partes se identifican e se recoñecen mutuamente capacidade para celebrar o presente acto, polo que

EXPOÑEN

I.- *Visto o interese do presente equipo de goberno en constituír unha servidume de acueduto polo terreo de carácter privado, sito no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, deste municipio de Riveira, que se reflicte no plano que se acompaña, de tal forma que se garante a instalación das tubarías necesarias para a execución do saneamento pola zona referida.*

II.- *Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data, no sentido anterior.*

III.- *Vistos os informes técnico e xurídico emitidos aos efectos polos técnicos municipais.*

IV.- *Considerando o previsto nos artigos 552 a 563 do Código Civil.*

V.- *Que, D. Víctor Laiño Silva, é propietario da seguinte finca que, segundo os datos do expediente administrativo, presenta as seguintes características:*

• **Parcela A:**

Descrición: *Vivenda unifamiliar composta de planta de semisoto, destinada a trasteiro, da superficie construída de sesenta e seis metros cadrados e planta baixa,*





destinada a vivenda, da superficie construída de cento trinta e dous metros cadrados; co resto do terreo que se lle une, constitúe unha soa finca da superficie total de douscentos cincuenta e tres metros cadrados, sinalada co número 71 do lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira. Lindeiros: Fronte, en liña de 15 metros, rúa privada letra B de 8 metros de anchura; Dereita, entrando, en liña de 15 metros, a finca segregada; Esquerda, en liña de 13 metros, rúa privada de 8 metros de anchura, sinalada coa letra C; Fondo, en liña de 12 metros, parcela número 30, José Gómez García, e en liña de 5 metros, parcela número 29 de Manuel Rey Troitiño.

Titulares do inmovible: Víctor Laiño Silva, con DNI número 53.483.743-A, 100% do pleno dominio con carácter privativo.

Título: Compravenda, en virtude da escritura outorgada o día 17/11/2017, ante o Notario de Riveira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 1034 do seu protocolo.

Inscripción: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 167 do Tomo 1363 do Arquivo, Libro 393 de Riveira, finca número 10.904.

Referencia catastral: 15074A007011070000KH.

Clasificación do solo: Solo urbano.

Cargas: Hipoteca a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A. Constituída en escritura autorizada el 17/11/2017, por el Notario de Riveira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, número 1035/2017 de protocolo. Inscripción 7^a de data 18/01/2018.

VI.- Que, D. José Gómez García e D^a M^a Teresa González Vidal, son propietarios da seguinte finca, que segundo os datos do expediente administrativo, presenta as seguintes características:

- **Parcela B.**

Descrición: “Agro de Riazor”, a inculto, sita no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, municipio de Riveira, da superficie de cento setenta e oito metros cadrados. Parcela sinalada co número 30 do plano parcelario. Lindeiros: Fronte, en liña de 10 metros, rúa privada da finca matriz de 10 metros de anchura, sinalada coa letra C; Dereita, entrando, en liña de 13 metros, rúa privada da finca orixinal de 8 metros de anchura, sinalada coa letra C; Esquerda, en liña de 15 metros, parcela sinalada co número 29 no plano parcelario da finca matriz; Fondo, en liña de 12 metros, parcela sinalada co número 38 do dito plano.

Titulares do inmovible: José Gómez García con DNI número 33.086.560-W, 100% do pleno dominio para a súa sociedade de ganancias.

Título: Compravenda, en virtude da escritura outorgada o día 26/09/1973 ante o Notario de Riveira, D. Mariano Sánchez-Brunete Casado.

Inscripción: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 223 do Tomo 520 do Arquivo, Libro 110 de Riveira, finca número 10.792.

Referencia catastral: 15074A007011090000KA.

Clasificación do solo: Solo urbano.





Cargas: Por procedencia da finca nº 9736 de Riveira, inscrición 2ª ao Tomo 482, Libro 92, Folio 154, de data 08/07/1972: Servidume de paso para persoas e vehículos, e no caso de edificación, as de luces, vistas, ocos, voladizos, aleiro, vertente de tellado, conducións subterráneas ou aéreas de todo tipo e, en xeral, cantas poidan establecerse sobre vías públicas, en favor da finca rexistral 10.424 de Riveira.

Por procedencia da finca nº 9736 de Riveira, inscrición 3ª al Tomo 482, Libro 92, Folio 155, de data 27 de abril de 1974: Servidume de paso para persoas e vehículos, e no caso de edificación, as de luces, vistas, ocos, voladizos, aleiro, vertente de tellado, conducións subterráneas ou aéreas de todo tipo e, en xeral, cantas poidan establecerse sobre vías públicas, en favor da finca rexistral 10.792 de Riveira. Inscrición 3ª de data 27/04/1974.

VII.- Que, D. Emilio Gago Domínguez e Dª Serafina Pouso Sevilla, son propietarios da seguinte finca que, segundo os datos do expediente administrativo, presenta as seguintes características:

- **Parcela C.**

Descrición: Casa de planta baixa, da superficie construída de douscentos dezaioito metros setenta e dous decímetros cadrados; planta alta, da superficie construída de dous cento dezaseis metros oitenta e catro decímetros cadrados e aproveitamento baixo cuberta, da superficie construída de cento dez metros oitenta e catro decímetros cadrados, cun terreo unido da superficie de novecientos trinta e tres metros dezaioito decímetros cadrados, formando o conxunto unha soa finca sita na parroquia de Palmeira. Lindeiros: Norte, camiño público e vía de acceso; Sur, vía de acceso; Este, camiño público; e Oeste, vía de acceso.

Titulares do inmovble: Emilio Gago Domínguez, con DNI número 33.239.039Z e Serafina Sevilla Pouso, con DNI número 52.452.679Y, 100% do pleno dominio con carácter ganancial.

Título: Obra nova rematada, en virtude da escritura outorgada o día 08/03/2001, ante o Notario de Noia, D. José Manuel Amigo Vázquez, número 513 do seu protocolo.

Inscrición: Está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Folio 121 do Tomo 793 do Arquivo, Libro 201 de Riveira, finca número 16.964.

Referencia catastral: 15074A007010920000KT.

Clasificación do solo: Solo urbano.

Cargas: Non constan.

VIII.- O Concello de Riveira, ten a pretensión de executar obras de saneamento no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, e para elo, é posible que sexa necesario a instalación da correspondente infraestrutura polo terreo de titularidade privada que se reflicte no plano que se acompaña, polo que sería necesaria a autorización dos propietarios.

Dita necesidade motiva a presente **CONSTITUCIÓN DUNHA SERVIDUME DE ACUEDUTO** a favor do Concello de Riveira, que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS





PRIMEIRA.- O obxecto do presente acordo é a constitución dunha servidume de acueduto, cuxo gravame no predio servinte, consiste no dereito, neste caso do Concello de Riveira, de facer pasar as instalacións necesarias para levar o saneamento á zona do lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, reflectida no plano que se achega, no caso de ser necesario e no suposto de que se realice a obra por parte do Concello.

A presente servidume formalízase en documento administrativo, sen prexuízo de ser elevada a escritura pública.

SEGUNDA.- D. Víctor Laiño Silva, D. José Gómez García, D^a M^a Teresa González Vidal, D. Emilio Gago Domínguez e D^a Serafina Sevilla Pouso autorizan expresamente a este Concello á realización das obras necesarias para a instalación do saneamento municipal a través do terreo de carácter privativo, sito no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira e que se reflicte no plano que se adxunta, comprometéndose a constituír unha servidume de acueduto.

TERCEIRA.- A duración desta servidume que se constitúe ten unha duración ilimitada no tempo, sen prexuízo de que poidan ser revisadas as cláusulas da presente servidume cando varíen as circunstancias que a motivaron.

CUARTA.- Non se establece prezo algún pola servidume nin tampouco indemnización.

QUINTA.- O Concello de Riveira poderá facer, á súa costa, no predio servinte as obras necesarias para o uso e conservación da servidume, pero sen alterala nin facela mais gravosa, debendo elixir para elo o tempo e a forma mais conveniente a fin de ocasionar a menor incomodidade posible.

Así mesmo, serán de conta do Concello de Riveira todas as obras necesarias para a construción da servidume, conservación e limpeza. A tal efecto, autorizáselle para ocupar temporalmente os terreos indispensables para o depósito de materiais, sen indemnización.

SEXTA.- Os propietarios antes referidos no poderán menoscar en modo algún o uso da servidume constituída. Non obstante, si por razón do lugar asignado, ou da forma establecida para o uso da mesma, chegara esta a ser moi incómoda para aqueles, ou se lle privase de facer obras, reparos ou melloras importantes polo terreo que constitúe o predio servinte, poderá variarse á súa costa.

A servidume de acueduto non obsta para que os propietarios antes referidos poidan pechar ou cercar o terreo pola que se constitúe, ou exercer calquera outro dereito que teñen sobre o terreo, sempre que non se imposibiliten as reparacións e limpias necesarias, de conformidade co disposto no artigo 560 do CC.

SÉTIMA.- O Concello de Riveira ven obrigado a repoñer as cousas ao seu antigo estado unha vez extinguida a servidume.

OITAVA.- Todas as partes manifestan que a anchura da servidume de acueduto prevista será a mínima e suficiente para cubrir as necesidades do Concello para construír as obras de saneamento municipal.

NOVENA.- Os propietarios antes referidos comprométense a facer constar a servidume como carga ou gravame, nas inscricións do Rexistro da Propiedade do terreo sobre o que recae, a fin de que a mesma teña efectos fronte a terceiros, así como a inscribir a presente servidume no Inventario de Bens municipais por parte do Concello.





DÉCIMA.- A presente servidume poderá extinguirse polas causas referidas no artigo 546 do Código Civil.

O uso da servidume de acueduto conserva o dereito para todos, impedindo a prescripción por falta de uso, segundo o establecido no artigo 548 do Código Civil.

Polo que se asina o presente documento, como mostra de conformidade, en Riveira, a do do 2019, ante o Secretario xeral do Concello, que da fe.

O alcalde.

Os propietarios.

O Secretario Xeral

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

